ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO

A continuación expóñense consideracións e alegacións que, en calidade de representante do Consello Galego de Economía Social, quixera trasladar para o seu coñecemento e, se é o caso, toma en consideración por parte da Comisión Sectorial número 2, Sector público e benestar social, competente por razón da materia, a fin de que se incorporen na correspondente proposta de Ditame a elevar ao Pleno do CES

A.- Consideracións xerais

A. 1.- Aínda que no informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social de 28 de xuño, se di expresamente que "Igualmente solicitarase o preceptivo informe do Consello Económico e Social", o certo é que **na exposición de motivos** do texto da Lei non se fai, a necesaria mención a que o texto do anteproxecto **foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia**. Debería incorporase dita mención.

A.2.- Nese mesmo informe antes indicado, dise que se lle requirirá "**Ditame da Comision Galega de Cooperación Local.** No conxunto da documentación remitida a este CES **non consta dito Dictame**. Unicamente aparecen na documentación enviada o oficio de solicitude de dictame (nº 1752), de 12 de xullo e o xustificante de envío 2019/729183, de 16 de xullo. Descoñecemos se a ausencia deste Dictame ten algunha incidencia técnica ou xurídica no proceso de tramitación desta Lei.

B.- Alegación que afecta ao conxunto do texto: terminoloxía

B.1.- No conxunto do texto, ao falar de "conciliación", debería empregarse sempre que sexa necesario a expresión "**conciliación corresponsable"**, tal e como se establece nas recomendacións do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

B.2.- Co mesmo carácter, ao falar de "accesibilidade", debería empregarse a expresión "**accesibilidade universal**". Entendemos que é máis acaída na hora de reforzar o valor inclusivo que esta Lei debe incorporar. Por exemplo, no **artigo 39.1**, "... con cambiandores para o aseo dos nenos e nenas con accesibilidade **universal,** segura e autónoma.... Ou no **artigo 34**, ".., e a mellora da accesibilidade **universal**, contemplando trato diferenciado...

B.3.- Substituír no articulado da Lei a expresión persoas dependentes por "**persoas en situación de dependencia".** Ex: artigo 48.3 ".... no uso de servizos de atención a **persoas en situación de dependencia** ou con discapacidade no domicilio....**"**

C.- Alegacións ao articulado (feitas sobre a versión do anteproxecto de 29/11/2019 remitida ao CES)

C.1. **Artigo 1**. Engadir o texto marcado en negrita:
"Esta Lei ten por obxecto establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, **acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal**, favorencendo un ....."

C.2. **Artigo 4.a)** Engadir "... prestando especial atención ás diferencias derivadas do xénero, a idade, **a situación de dependencia ou discapacidade** e a orientación sexual ou relixiosa...

C.3. **Artigo 5.** Engadir un novo principio de actuación: **"Empatía institucional. As Administracións Públicas de Galicia fomentarán a mellora do coidado, escoita activa e simplificación burocrática na relación coas persoas, especialmente con aquelas en situación de vulnerabilidade"**

C.4. **Artigo 9.3.** Engadir: ."... en materia de impulso demográfico, **que deberían considerar, cando menos, aspectos como o xénero, accesibilidade universal, igualdade de oportunidades e non discriminación e discapacidade e atención á diversidade**".

C.5. **Artigo 16.5.** Engadir: "**....** empresas de economía social. **Tamén promoverá a reserva de contratos a centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e Empresas de Inserción"**

C.6. **Artigo 27** Engadir ".... persoas galegas retornadas. **No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei, a Administración Autónomica elaborará un mapa de necesidades urxentes de vivenda e loita contra a exclusión residencial de cada concello"**

C.7 **Artigo 42** Engadir: **"...** da saúde da poboación infantil, **entre as que estarán a protección odontolóxica e oftalmolóxica"**

C.8 **Artigo 47.1** Engadir: "A Administración autónomica, co obxecto de avanzar na universalización e gratuidade da educación infantil 0-3 anos, promoverá **de maneira inclusiva,** unha dotación suficiente de prazas e recursos **de calidade** para facer efectivas..."

C.9 **Artigo 48.2.** Ao final, suprimir desde ~~**"e promoverá o voluntariado dirixido a brindar apoios esporádicos na crianza"**~~

C.10 **Artigo 48.3.** Engadir/Subtituír: ".... con discapacidade **tanto** no domicilio, nos suposrtos de carácter puntual nos que sexa necesario ou conveniente posibilitar a permanencia destas persoas no forgar, **como fóra del.**

C.11 **Artigo 76**. Deberase corrixir a redacción en canto á alusión da Economía Azul como referente a ter en conta. Existen outras economías (a propia Economía Social, o a chamada Economía Circular, ou a Economía Verde, etc), que tamén introducen un claro factor de corrección nos desequilibrios ecolóxicos e de sustentabilidade, que contan ademais con referencias xerais de ámbito estatal e europeo.

C.12 **Artigo 77.1.** Engadir: "As administracións Públicas de Galicia deseñarán **con criterios de proximidade**, as súas infraestruturas de servizos e de transporte, de tal xeito que toda a cidadanía, **con independencia das súas condicións e características**

persoais e socias e do seu lugar de residencia, teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario e social".

C.13 **Artigo 79.** Engadir/Subsitutir: "... **a extensión de redes de acceso a internet a velocidades, calidade, prezos e cobertura de servizos de asistencia, equiparanles aocas existentes ou previstas para o resto do territorio".**

C.14 **Artigo 80**. Suprimir "~~**... acomodada a criterios pedagóxicos".**~~

C.15 **Artigo 81.1** Engadir: "... as súas contornas sociais e vitais, **e promovendo o seu desenvolvemento persoa e social autónomo e activo."**

C.16 **Artigo 81.2** Engadir: "... e costeiro non urbano **e colaborará coas entidades de iniciativa social de apoio á discapacidade presentes no territorio"**

C.17 **Artigo 97** Substituír: "**...** ao obxecto de ~~**promover**~~ **garantir** que toda a cidadania....

C.18 **Artigo 99.2.** Engadir: "....expectativas e capacidades, **promovendo a súa autonomía persoal**, ao tempo que ...."

C.19 **Artigo 102**. Engadir ".... e o compromiso social co seu contorno, **tendo en conta as súas caracterísiticas e condicións persoais e sociais"**

C.20 **Disposición derradeira segunda**. Non entendemos a inclusión desta disposición, que non aparecía no articulado inicial da Lei (o de data 27/06/2019). Tampouco no informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social de 28 de xuño
Non garda relación directa co obxecto e contido da Lei, e tampouco aparece na documentación enviada a proposta de incorporación do mesmo no proceso de alegacións.
Dá a impresión de que se utiliza a Lei de Impulso Demográfico como ferramenta para introducir cambios lexislativos en leis colateriais coas que, nesta caso, non hai unha vinculación directa entre o contido da propia Lei e o cambio que se quere introducir noutra.
O seu sería facer a modificación lexislativa nun procedemento diferente.
Ademais, esta disposición agora introducida, non foi coñecida nin pola cidadanía nin os axentes sociais no trámite de alegacións.
Proponse a súa supresión

Firmado por INSUA LOPEZ ANTONIO MANUEL - 33993829J el día 13/12/2019 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios